

CERTIFICACIÓN

Constantino Cobas Cotelo, Secretario-Interventor do Concello de Concello de Dumbría (A Coruña).

CERTIFICO:

Que o día 19-05-2025 ditouse a Resolución de Alcaldía 72/2025 cuxo contido deseguido transcribo:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN CANDIDATO PROPOSTO PROCESO SELECTIVO FUNCIONARIO INTERINO GRUPO A, SUBGRUPO A2 TÉCNICO/A AXENTE DE IGUALDADE

EXPEDIENTE:2025/G003/000073

ANTECEDENTES:

Expediente: 2025/E003/000003.

Bases da convocatoria para a cobertura definitiva, en propiedade, mediante sistema de oposición libre dunha praza Técnico/a Axente de Igualdade (BOP nº 52 do 18 de marzo de 2025) Actas do tribunal de selección relativas ao desenvolvemento do proceso selectivo determinando a puntuación final acadada polos candidatos e a proposta de nomeamento do candidato de maior puntuación.

Vistas e resoltas polo Tribunal as alegacións formuladas por Carolina Morales Morales, Ruben A. Barral Enríquez e Sabela Losada Cortiza.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1. Como resultado de todo o anterior, as puntuacións definitivas quedan do seguinte xeito:

PUNTUACIÓN DEFINITIVA

Apelidos e nome	Exame	Experiencia	Formación	Total
SARANDESES PEREZ MAR	42	0	2,3	44,3
BARRAL ENRIQUEZ RUBEN A.	32	3,32	3,7	39,02
GARCIA MALLO IRENE	36	0	0,9	36,9
CABALEIRO GARCIA ANA MARIA	32	0,6	3,2	35,8
LOBATO RODRIGUEZ BELEN	32	0,35	3,4	35,75
INSUA TRILLO Mª DE LA BARCA	30	0	0,6	30,6
SIXTO LAGO ISABEL	30	0	0,2	30,2
LOSADA CORTIZAS SABELA	28	3,5	5,9	37,4
FERNANDEZ SANCHEZ FATIMA	26	8,03	3,6	37,63
PEREZ DAVILA AMARA	24	2,6	1,7	28,3
LAREO NEIRA GLORIA	22	0,49	3	25,49

2. PROPOSTA

DE

CONTRATACIÓN

O tribunal propón a contratación da candidata que acada a puntuación mais alta no proceso selectivo.



CONCELLO
DE
DUMBRÍA
(A Coruña)

Apelidos e nome	Exame	Experiencia	Formación	Total
SARANDESES PEREZ MAR	42	0	2,3	44,3

3. LISTA DE RESERVAS.

Apelidos e nome	Exame	Experiencia	Formación	Total
BARRAL ENRIQUEZ RUBEN A.	32	3,32	3,7	39,02
GARCIA MALLO IRENE	36	0	0,9	36,9
CABALEIRO GARCIA ANA MARIA	32	0,6	3,2	35,8
LOBATO RODRIGUEZ BELEN	32	0,35	3,4	35,75
INSUA TRILLO M ^a DE LA BARCA	30	0	0,6	30,6
SIXTO LAGO ISABEL	30	0	0,2	30,2

4. NOVA PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

Téndose presentada renuncia ao posto de traballo, pola candidata Mar Sarandeses Pérez con data 14/05/2025 propónse a contratación de:

Apelidos e nome
BARRAL ENRIQUEZ RUBEN A.

Por ser o novo aspirante con maior puntuación.

5. Requirir ó aspirante proposto para que no prazo de **tres días hábiles**, presente a documentación establecida nas bases 3 e 8:

- a) Copia do DNI ou pasaporte.
- b) Copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de estar afiliado). Se non dispón de número de afiliación deberá acudir ás oficinas da Seguridade Social de xeito inmediato para solicitar o correspondente número que será vitalicio.
- d) O persoal aspirante que faga valer a súa condición de persoa con discapacidade e compatible co posto ofertado, de ser necesario, deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberá presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.
- e) Certificado da entidade bancaria do número de conta.
- f) Anexo II das bases

6. Advertir ó aspirante proposto que no prazo sinalado no apartado anterior si non presentara a documentación esixida, agás causa de forza maior debidamente acreditada, ou non reunise os requisitos esixidos non poderá ser nomeado e quedarán anuladas tódalas súas



CONCELLO
DE
DUMBRÍA
(A Coruña)

actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidesen incorrer por falsidade. Neste caso, procederase á proposición do seguinte aspirante existente na lista de aprobados e se lle requirirá a documentación esixida.

7. Dispoñer o período de traballo como funcionario interino de Técnico de Igualdade dende o 1 de xuño de 2025 e ata o 30 de novembro de 2025 (6 meses) debendo asinar a acta de toma posesión o vindeiro día 30 de maio de 2025 e con efectos económicos e laborais dende o citado día 1 de xuño de 2025.

Contra a presente resolución, apartado 1, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer o recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou, dentro do prazo de UN MES, ou ben impugnala directamente perante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa dentro do prazo de DOUS MESES, contados desde o día seguinte á súa notificación, todo iso de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderá interpoñer o recurso extraordinario de revisión en vía administrativa, perante o mesmo órgano que o ditou, polos motivos e no prazo previsto no artigo 125 da Lei 39/2015, contra o resto de apartados, trátase dun acto de trámite, non susceptible de recurso, sen prexuízo das alegacións que se consideren pertinentes.

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

Asinado na data que figura á marxe.

O Alcalde

Raúl González Lado

”

O Secretario

Constantino Cobas Coteló

Para que conste, asino a presente certificación co visto e prace do Alcalde.

En Concello de Dumbría, martes 20 de maio de 2025

O Secretario

Constantino Cobas Coteló

O Alcalde

Raúl González Lado